




Infraestructuras empresariais

A análise da infraestrutura tecnolóxica do sistema galego de innovación complétase co estudio da situación dos parques empresariais. O estudio de Ardán sinala que en marzo de 1998 había un total de 55 parques empresariais en funcionamento en Galicia, cunha superficie total de 2.494 hectáreas, das cales o 64% (1.600 Ha.) son de uso industrial. Deste conxunto, 19 parques pertencen á provincia de A Coruña, 17 á de Pontevedra, 13 á de Lugo e 6 á de Ourense (**cadro 5.1.**).

Respecto á localización dos mesmos ó longo das diferentes comarcas, prodúcese un proceso de desconcentración mediante a proliferación de polígonos empresariais pola maioría das comarcas galegas, xirando a súa distribución en torno ás principais cidades galegas e ás diferentes cabeceiras comarcais. Un total de 30 comarcas posúen alomenos un parque empresarial, aínda que os máis desenvolvidos son os que están ubicados en torno ás grandes áreas urbanas: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra (**cadro 5.3.**).

Cadro 5.1.**Parques empresariais en funcionamento en Galicia 1998**

(en ptas/m²)

	Número	Superficie (en Ha)	Grao ocupación (%)	Intervalos de prezos		
				máximo	medio	mínimo
A Coruña	19	1.268	75	20.667	6.535	3.783
Lugo	13	238	59	7.972	4.110	2.560
Ourense	6	393	86	4.767	3.618	640
Pontevedra	17	595	71	9.200	4.675	500
Galicia	55	2.494 (en m ²)	74	20.667	5.045	500 (en escudos/m ²)
Norte de Portugal	31	7.402.520		8.500		1.000

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

Cadro 5.2.**Parques empresariais 1998**

	Número de parques					Superficie total (en hectáreas)				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Funcionamento	19	13	6	17	55	1.268	238	393	595	2.494
Construcción	4	4	2	2	12	155	55	105	21	336
Proxecto	9	1	6	4	20	430	18	136	253	837
Estudio	6	15	11	5	37	215	275	132	89	711
Total	38	33	25	28	124	2.068	586	766	958	4.378

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

Como característica identificadora dos parques empresariais galegos salienta a súa múltiple dependencia promocional (entidade promotora é aquela que adquire os terreos e realiza a súa urbanización). A administración autonómica, mediante o IGVS-Xestur e SIGALSA, acapara case a metade dos parques empresariais galegos (27), en tanto que a administración central, mediante a SEPES, e os concellos xestionan un total de 10 e 9 parques, respectivamente.

Xunto a estes 55 parques en funcionamento, e co fin de incrementa-la oferta de solo industrial urbanizado seguindo o proceso desconcentrador xa mencionado, existe unha serie de parques en construción (12), parques en proxectos (20) e 37 máis en estudo (**cadro 5.2.**).

Respecto á superficie empresarial, os cadros 5.1. e 5.4. reflicten que, a diferenza do que acontece coa localización dos parques, nótase un claro predomínio das urbes sobre as vilas, xa que son as sete cidades rectoras de Galicia as que teñen a maior por-

centaxe de extensión: os 18 parques ubicados nestas cidades (o 32,7% do total dos parques en funcionamento) acollen un total de 1.927 hectáreas, que representa o 77,3% do total galego. É salientable o caso da provincia de A Coruña, onde as cidades de A Coruña, Ferrol e Santiago concentran o 83,8% do total provincial e o 42,6% de Galicia. En Pontevedra, a cidade de Vigo posúe o 70,9% da superficie do solo empresarial da provincia, porcentaxe que ascende ó 74% e 49,1% nos casos de Ourense e Lugo, respectivamente.

Atendendo á superficie dos parques empresariais en funcionamento segundo ós seus promotores, é a administración central, baixo a responsabilidade da SEPES, quen ten unha maior superficie, co 34% da superficie total galega, seguida da administración autonómica, co 21% (o IGVS-Xestur co 14% e SIGALSA co 7%) (**cadro 5.5.**).

Atendendo a súa distribución provincial, existe unha variabilidade entre as catro provincias. A administración autonómica dis-

Cadro 5.3.

Parques empresariais de Galicia ⁽¹⁾

	Funcionamento	Construcción	Proxecto	Estudio	Total
A Coruña	19	4	9	6	38
Arzúa	1	-	-	-	1
Barbanza	2	-	2	-	4
Barcala	-	-	-	1	1
Bergantiños	2	-	-	-	2
Betanzos	1	1	2	-	4
Coruña	5	1	1	1	8
Eume	1	-	-	-	1
Ferrol	3	1	-	2	6
Fisterra	-	-	-	1	1
Nola	-	1	-	1	2
Ordes	1	-	1	-	2
Santiago	1	-	1	-	2
Sar	1	-	1	-	2
Terra de Melide	1	-	-	-	1
Xallas	-	-	1	-	1
Lugo	13	4	1	15	33
Os Ancares	-	1	-	1	2
Chantada	1	-	-	1	2
Fonsagrada	-	-	-	1	1
Lugo	3	-	-	2	5
Maríña Central	-	-	-	3	3
Maríña Occidental	1	-	-	1	2
Maríña Oriental	1	-	-	-	1
Meira	1	-	-	1	2
Quiroga	-	-	1	-	1
Sarria	-	1	-	-	1
Terra Chá	3	2	-	2	7
Terra de Lemos	3	-	-	1	4
A Ulloa	-	-	-	2	2
Ourense	6	2	6	11	25
A Limia	1	-	1	-	2
Allariz-Maceda	-	-	1	1	2
Baixa Limia	-	-	1	-	1
Carballiño	2	-	-	3	5
Ourense	1	1	1	2	5
Ribeiro	-	-	1	-	1
Terra de Caldelas	-	-	-	1	1
Terra de Celanova	-	-	1	-	1
Terra de Trives	-	-	-	1	1
Valdeorras	-	1	-	1	2
Verín	2	-	-	-	2
Viana	-	-	-	2	2
Pontevedra	17	2	4	5	28
Baixo Miño	-	-	1	-	1
Caldas	-	-	2	-	2
Condado	1	-	-	-	1
Deza	4	1	-	-	5
Morrazo	1	-	-	-	1
Paradanta	1	-	-	-	1
Pontevedra	1	1	-	1	3
Salnés	3	-	-	-	3
Tabeirós-T.de Montes	2	-	-	-	2
Vigo	4	-	1	4	9
Total Galicia	55	12	20	37	124

(1) marzo 1998

Fonte: Consorcio Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

Cadro 5.4.

Solo industrial de Galicia ⁽¹⁾

(en hectáreas)

	Funcionamento	Construcción	Proxecto	Estudio	Total
A Coruña	1.268	156	431	214	2.069
Arzúa	10	-	-	-	10
Barbanza	35	-	57	-	92
Barcala	-	-	-	11	11
Bergantiños	62	-	-	-	62
Betanzos	18	41	213	-	272
Coruña	696	22	46	26	790
Eume	23	-	-	-	23
Ferrol	261	85	-	158	504
Fisterra	-	-	-	10	10
Noia	-	8	-	9	17
Ordes	30	-	40	-	70
Santiago	106	-	32	-	138
Sar	6	-	32	-	38
Terra de Melide	21	-	-	-	21
Xallas	-	-	11	-	11
Lugo	239	55	18	276	588
Os Ancares	-	9	-	5	14
Chantada	11	-	-	9	20
Fonsagrada	-	-	-	8	8
Lugo	117	-	-	16	133
Mariña Central	-	-	-	37	37
Mariña Occidental	12	-	-	10	22
Mariña Oriental	6	-	-	-	6
Meira	8	-	-	7	15
Quiroga	-	-	18	-	18
Sarria	-	38	-	-	38
Terra Chá	36	8	-	18	62
Terra de Lemos	49	-	-	150	199
A Ulloa	-	-	-	16	16
Ourense	394	105	136	132	767
A Limia	22	-	58	-	80
Allariz-Maceda	-	-	11	6	17
Baixa Limia	-	-	12	-	12
Carballiño	65	-	-	18	83
Ourense	291	60	28	50	429
Ribeiro	-	-	5	-	5
Terra de Caldelas	-	-	-	8	8
Terra de Celanova	-	-	22	-	22
Terra de Trives	-	-	-	8	8
Valdeorras	-	45	-	28	73
Verín	16	-	-	-	16
Viana	-	-	-	14	14
Pontevedra	595	21	253	89	958
Baixo Miño	-	-	20	-	20
Caldas	-	-	123	-	123
Condado	10	-	-	-	10
Deza	60	15	-	-	75
Morrazo	7	-	-	-	7
Paradanta	20	-	-	-	20
Pontevedra	34	6	-	32	72
Salnés	25	-	-	-	25
Tabeirós-T.de Montes	17	-	-	-	17
Vigo	422	-	110	57	589
Total Galicia	2.496	337	838	711	4.382

(1) marzo 1998

Fonte: Consorcio Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

Cadro 5.5.

Características dos parques empresariais galegos segundo a entidade xestora

	Número	Superficie (%)	Tamaño medio (en hectáreas)	Grao de ocupación (%)	Prezo medio (en plas/m ²)
Concellos	9	5	51	87	7.524
IGVS-Xestur	21	14	18	(1)	(2)
Privados	4	4	60	96	8.893
SEPES	10	34	84	74	5.519
SIGALSA	6	7	26	(1)	(2)
Zona Franca	3	8	57	79	9.200
Entidades financeiras	1	14		98	
Deputacións	1	14		92	

(1) o grao de ocupación dos parques empresariais xestionados pola Administración autonómica (IGVS-Xestur e SIGALSA) é do 63%

(2) o prezo medio dos parques empresariais xestionados pola Administración autonómica é de 5.060 plas/m²

Fonte: Consorcio da Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

pón da maioría da superficie dos parques das dúas provincias orientais, mentres que en Pontevedra e A Coruña, onde se produce a concentración poboacional e económica do país, é a administración estatal e outros promotores (a Deputación de A Coruña, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e os parques privados) os que exercen a súa influencia sobre unha maior área.

Na provincia de A Coruña, a SEPES e a Deputación promoven o 75% da área dos complexos provinciais; en Lugo a responsabilidade repártese equilibradamente entre o IGVS-Xestur, SIGALSA e a SEPES; en Ourense a distorsión exercida polo parque de San Cibrao provoca que Caixa Ourense se destaque como o promotor principal da provincia, seguida polo IGVS-Xestur; e finalmente, na provincia de Pontevedra é o Consorcio da Zona Franca de Vigo o que ten unha maior superficie empresarial, ó promove-lo 38,4% do solo provincial, seguido pola SEPES co 31,4%.

Respecto ás previsións do futuro, tendo en conta os parques en construción, en proxecto e en estudo, o solo industrial en Galicia aumentaría un 75,6%, pasando dende as 2.494 Ha. actuais ata as 4.379 Ha. Non obstante, tan só 336 Ha. da nova superficie está en construción, mentres que 1.549 Ha. unicamente atópase en planificación (**cadro 5.4.**).

No concernente á ocupación dos parques empresariais en funcionamento, o 74%

do solo empresarial urbanizado galego está ocupado. A provincia de Ourense é a que presenta un maior nivel de ocupación, co 86%. A continuación está A Coruña, co 75%, cifra moi significativa tendo en conta que esta provincia acolle a maior cantidade de superficie industrial urbanizada de Galicia. Pontevedra mantén unha porcentaxe similar á media galega, en tanto que Lugo, ademais de se-la provincia con menor solo industrial urbanizado, conta co grado de ocupación máis baixo, co 59%.

Analizando o nivel de ocupación dos parques empresariais en funcionamento de Galicia segundo os seus organismos xestores atópase tamén certo grado de variabilidade. Salienta o elevado grado de desenvolvemento acadado polos polígonos privados, cun 96% de ocupación, en relación coas diversas administracións. A administración autonómica, da que depende a maior área empresarial, ten un 63% do solo ocupado, fronte a un 74% da administración central ou o 87% dos parques promovidos polos concellos.

Finalmente, no que ós prezos do solo se refire, os **cadros 5.1. e 5.6.** reflicten a existencia dunha grande variabilidade. Así, os prezos oscilan entre as 500 pesetas por metro cadrado do parque empresarial de Agolada e as 20.667 pesetas/m² do coruñés de Pocomaco. O prezo medio ascendeu a 5.045 pesetas por metro cadrado. As provincias de Pontevedra e A Coruña non só son as que presentan un maior número de par-

Cadro 5.6.

Prezos do solo empresarial ⁽¹⁾

Nome	Municipio	Prezo medio (Ptas/m ²)
Agolada	Agolada	500
A Uceira	O Carballiño	640
Chan da Ponte	Salvaterra do Miño	1.750
Pastoriza	A Pastoriza	2.560
Cuiña	Cervo	2.676
Salnés	Ribadumia	3.000
Vilalba	Vilalba	3.119
Castro de Ribeiras de Lea	Castro de Rei	3.320
Chantada	Chantada	3.651
Pazos	Verín	3.677
Meira	Meira	3.685
Monforte	Monforte de Lemos	3.703
Somozas	Somozas	3.783
Enseada da Gándara	Ferrol	4.000
A Estrada	A Estrada	4.180
O Ceao	Lugo	4.180
Rábade	Rábade	4.180
Bertoa	Carballo	4.300
San Cibrao das Viñas	San Cibrao das Viñas	4.386
Xinzo de Limia	Xinzo de Limia	4.619
Ordes	Ordes	4.725
Tambre	Santiago de Compostela	4.810
Río do Pozo Sector I	Narón	4.883
Bóveda	Bóveda	5.037
Melide	Melide	5.060
A Pontenova	A Pontenova	5.238
A Piadela I	Betanzos	5.250
Castiñeiras	Bueu	5.500
Ponteceso	Ponteceso	5.588
Tremoedo	Vilanova de Arousa	5.850
O Campiño	Pontevedra	5.890
Lalín 2000	Lalín	6.375
Área 33	Silleda	6.400
Arzúa	Arzúa	6.458
A Tomada	Pobra do Caramiñal	6.600
Trabanca	Vilagarcía de Arousa	6.750
Espírito Santo	Cambre	7.023
Bergondo	Bergondo	7.135
Sabón	Arteixo	7.750
IN-F	Lugo	7.972
A Granxa	O Porriño	9.200
Pocomaco	A Coruña	20.667

(1) marzo 1998

Fonte: Consorcio Zona Franca de Vigo, Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal

ques, senon tamén as que teñen un prezo medio superior no seu solo. Os 16 parques que posúen un prezo medio superior ó galego, a excepción do lucense IN-F, localízanse nas dúas provincias occidentais.

vados, cun custo medio de 8.893 pesetas por metro cadrado. ■

Analizando o prezo medio dos parques empresariais en funcionamento de Galicia segundo os seus organismos xestores, as administracións autonómica e central, encargadas de xestionar a maioría de superficie empresarial de Galicia, son as que ofertan un importe medio máis baixo, con 5.060 ptas/m² e 5.519 ptas/m², respectivamente. O prezo medio máis elevado, **cadro 5.5.**, corresponde á Zona Franca de Vigo, con 9.200 ptas/m², seguida dos parques pri-